


Soberania dixital III:

Linux para a casa



amarinha.gal

2025

```

      .',;:::;,'.
    .',;:cccccccccc;,,.
  .,;cccccccccccccccccccc;,
. :cccccccccccccccccccccccc;.
. :cccccccccccccc;          ;cccccc;.
. :cccccccccccccc;          ;cccccc;.
. :cccccccccccccc;          ;cc;      ;cccccc;.
,cccccccccccccc;          ;cc;      ;ccccccc,
:cccccccccccccc;          ;cccccccccccccc:
:ccccccc;                ;cccccccccccccc:
cccccc;                  ;cccccccccccccc;
cccccc;          ;cccc;      ;ccccccccccccccc'
cccccc;          ;cccccc;      ;ccccccccccccccc;
cccccc;          ccc          ;cccccccccccccccc;
cccccc;          ;ccccccccccccccc;,
cccccccc;          ;cccccccccccccc;,
cccccccccccccccccccccccccccccccccccc:'.
:cccccccccccccccccccccccccccccccccccc;,
' :cccccccccccccccccccccccccccccccccccc;,

```

A revolución libre que triunfou

José Manuel Ventoso Picos

OS: Fedora Linux 41 x86_64

Kernel: Linux 6.13.7-200.fc41.x86_64

Mastodon: @admin@amarinha.gal

Wikipedia: jsmtux



Falando con persoas que de novas apoiaron causas revolucionarias ou transformadoras, o relato mais común é o da decepción e a e futilidade a hora de tratar de cambiar o establecido. A pesar disto, creo que hai incontables exemplos de éxito, e o de Linux pode ser un mais.

Hai 15 ou 20 anos, parecía fantasía que un proxecto tan complexo como un sistema operativo puidese ser desenvolto por unha comunidade, en parte de voluntarios, e competir coa alternativa hexemonica levada a cabo como produto estrela dunha das empresas mais poderosas. Xa naquel momento era un sistema mais estable, seguro e avanzado que Windows, pero quen sostivese esa afirmación era tratado de inxenuo.

A dia de hoxe, non só é o sistema mais usado senón que a grandes rasgos os ideais que o conseguiron levar ata ahí se manteñen intactos. Dende linux podemos executar programas feitos para outros sistemas mellor que neles, soporta a infraestrutura de internet ata o punto de que

Windows necesitou implementar unha capa de compatibilidade para ser usable para o desenvolvemento web. E Android, sen ser a súa versión mais libre, fai funcionar os móbiles da metade da poboación.

Por suposto quedan obstáculos por diante, como o feito que a maior parte do desenvolvemento pasa por grandes empresas, os efectos que ten a xeopolítica á hora de contribuír no código ou a reticencia pola parte de algún dos mantedores a modernizar algunha das súas partes. Sen olvidarnos diso, o feito de que as licenzas de código libre nos amparan aos usuarios á hora de usar, ver, modificar e distribuír o código a pouco que nos xuntemos e organicemos entre nos, continuaremos a ter unha maneira respectuosa con nós de interactuar cos ordenadores.

Neste fanzine, no título de cada artigo inclúese o logotipo da distribución de Linux favorita de cada un dos autores tal como se vería dende o propio sistema. Antonio deixará totalmente claro a que me refiro na súa parte, polo momento basta dicir que a liberdade que ofrece este sistema fai que diferentes empresas e comunidades fagan as súas propias versións listas para usar chamadas distribucións.

Os seguintes artigos falarán deste sistema en mais profundidade, pero gustaríame rematar esta introdución recordando a capacidade transformadora das comunidades fronte á estrutura xerárquica das grandes corporacións e que hai realidades que podemos ver claras pero que ninguén acepta só por ir en contra ao discurso maioritario.

```

.-/+00SSSS00+/-.-
`:+SSSSSSSSSSSSSSSS+:`
-+SSSSSSSSSSSSSSSSyySSSS+-
.OSSSSSSSSSSSSSSSSdMMNNySSSSO.
/SSSSSSSSSSSShdmmNNmmyNMMMMhSSSSSS/
+SSSSSSSSshmydMMMMMMNdddySSSSSSS+
/SSSSSSShNMMMyhyyyhmmNNMMNhSSSSSSS/
.SSSSSSSdMMNNhSSSSSSShNMMMdSSSSSSS.
+SSShhhyNMMNySSSSSSSSSSyNMMMySSSSSS+
oSSyNMMNNyMMhSSSSSSSSSSShmmhSSSSSSO
oSSyNMMNNyMMhSSSSSSSSSSShmmhSSSSSSO
+SSShhhyNMMNySSSSSSSSSSyNMMMySSSSSS+
.SSSSSSSdMMNNhSSSSSSShNMMMdSSSSSSS.
/SSSSSSShNMMMyhyyyhdNMMNNhSSSSSSS/
+SSSSSSSSdmydMMMMMMNdddySSSSSSS+
/SSSSSSSSShdmmNNNmyNMMMMhSSSSSS/
.OSSSSSSSSSSSSSSSSdMMNNySSSSO.
-+SSSSSSSSSSSSSSyySSSS+-
`:+SSSSSSSSSSSSSSSS+:`
.-/+00SSSS00+/-.-

```

A liberdade dixital non ten prezo, literalmente

Lucía Ferro

OS: Ubuntu 24.04.1 LTS x86_64

Kernel: 6.13.7-200.fc41.x86_64

Mastodon: @lucia_ferro@amarinha.gal

Wikipedia: gearu



Pasan os anos e cada vez me custa máis comprender porque o común da xente non emprega Linux. Durante moitos anos declareime en contra da tecnoloxía porén na actualidade non hai quen poida escapar dela, así que polo menos saber empregala da forma menos prexudicial posible. E por que non dicilo, gratuitamente.

O emprego destes sistemas operativos non demanda compromiso ningún por parte do usuario. Non se precisa desembolsar diñeiro para instalalos e tampouco para actualizalos a unha versión máis moderna. Teñen un risco de virus inferior a outros máis populares o que os fai menos perigosos para os usuarios menos experimentados.

Ademais, o seu mantemento é moi cómodo e fácil xa que as actualizacións non supoñen eternas esperas coa mirada fixada nun reloxo de desconto mentireiro e inexacto, e tampouco unha reiniciado sorpresa cando a un menos lle convén, ambos sentimentos de desesperación comúns entre aqueles que sofren Windows. Cando un usuario emprega algún dos sistemas operativos Linux recibirá notificacións de actualización periódicas que poden ser instaladas no momento que mellor se lle axeite e que non afectan ao normal funcionamento da computadora.

A súa sinxeleza e a maior seguridade débese a que os sistemas derivados do mesmo non teñen tanto código “legacy”, é dicir, código moi vello e programado a parches que só serve para manter as necesidades de grandes empresas e rara vez as do usuario individual. Isto fai que que sistemas como Ubuntu ou Debian se presenten lixeiros no seu funcionamento e na súa instalación estendendo a vida útil dos aparellos. A maiores, esta característica favorece o reciclado de electrónica que doutro xeito

quedaría obsoleta, ao facer que un aparello con pouca potencia continúe a ofrecer o mesmo servizo durante máis tempo.

Mais non todo se trata da instalación e da seguridade, tamén a flexibilidade no uso e configuración son un factor a ter en conta. Nos sistemas operativos de Linux pódese desfrutar dunha tenda de aplicacións libres, é dicir, programas gratuítos á disposición de todo o mundo. Cando preciso de calquera aplicación busco nesta tenda a palabra que mellor defina a miña necesidade e en cuestión de minutos téñoa instalada con total seguridade sen recorrer a unha desas dubidosas páxina web das que se descargan máis virus que programas.

O que máis me agrada de empregar Linux é a cantidade de diversidade que permite. O feito de que sexa un software creado por tantas persoas diferentes con obxectivos e visións do mundo variados fai que sempre haxa opcións. Falo tanto de formatos (documentos, imaxes, videos, etc) como de aplicacións, como de sistemas operativos. Cando un colabora en traballos de grupo ou proxectos multidisciplinares dáse conta de que cada estudante ou profesional dispón dunha serie de ferramentas dixitais diferentes o que a miúdo leva a un conflito nos formatos empregados polas distintas aplicacións. Iso con Linux non importa tanto xa que a súa adaptabilidade fai que na maioría dos casos exista unha ferramenta compatible.

No referido á diversidade de sistemas operativos, podo dicir que fomenta a creatividade no seu desenvolvemento, xa que non se sacrifican as boas ideas por mor dunha unificación, dando espazo e lugar a que se deseñen varias solucións a un mesmo problema ofrecendo deste xeito un coñecemento máis profundo que desemboque nun verdadeira resiliencia da tecnoloxía, e por tanto, nunha mellor experiencia para o usuario final.

Se todo isto che fai pensar que Linux supón unha gran cantidade de incerteza e inestabilidade, podes ficar en calma xa que hai distribucións que se proxectan poñendo a estabilidade do sistema no foco central. Entre elas están a versión LTS (soporte de longo período) de Ubuntu ou Debian Stable. E no caso de que xurdan as dúbidas, en Mastodon e amarinha.gal sempre hai alguén disposto a botarche unha man polo ben da soberanía dixital.

```

_,met$$$$$gg.
,g$$$$$$$$$$$$$P.
,g$P"      ""Y$$.
,$$P'      `$$$
',$$P      ,ggs.  `$$b:
`d$$'      ,P"    $$$
$P         d$'    $P
$$:        $$    ,d$$'
$$;        Y$b._  ,dP'
Y$$$.      `."Y$$$$P"
`$$b       "-._
`Y$$
`Y$$_.
`$$b.
`Y$b.
`Y$b._
      ""

```

Linus?

Non, Linux!

Antonio Gregorio Montes

OS: Debian GNU/Linux 12 (bookworm) x86_64

Kernel: 6.13.7-200.fc41.x86_64

Mastodon: @Ribadeando@amarinha.gal

Wikipedia: agremon



Se fuches adolescente ou post adolescente aló polos 90 ou primeiros anos do século XXI, tes abondas probabilidades de ter unha imaxe da informática na que en canto a programas, había unha estrela que facía palidecer ó resto. Tratábase de Windows e a empresa da que depende, Microsoft Corp. É abondo probable tamén que ate anos despois non escoitaras falar dun tal Linux, que pouco a pouco irías vendo como posible alternativa a ese omnipresente e todopoderoso -excepto cando xurdía un deses pantallazos azuis que te deixaban para o arrastre- Windows. Logo, é posible que que teñas escoitado falar de do vello CP/M, do PC-DOS, MS-DOS, UNIX, FreeBSD, MacOS... Todos eles, sistemas operativos que tiveron -e teñen- a súa historia. É dicir, todos eles, liñas de programa que permite a base de intercomunicación entre os programas de aplicacións e os aparellos informáticos entre si.

Centrándonos un pouco máis no Linux, non sei exactamente o que lle pasaba pola cabeza a Linus Torvalds cando escribiu e liberou o código que foi o corazón do Linux, que deu pulo a aquilo no que xa andaba traballando Richard Stallman. Linux, si, o Sistema Operativo na base de internet ou do Android que se executa nos nosos móbiles. Do versátil Linux, con

múltiples distribucións e versións para os nosos ordenadores persoais, a máis de manter a maioría e os principais centros de datos, superordenadores... ou usarse nas súa versións máis lixeiras para unha segunda vida de ordenadores xa con anos ó seu lombo. Un sistema compatible, robusto, punteiro, confiable, tanto a nivel industrial como institucional ou popular. Un sistema que foi medrando e diversificándose de xeito natural a partir de diferentes versións sinxelas, 'pouca cousa', difíciles de usar para xente que non tivera idea anterior de informática, para chegar hoxe a ser tan ou máis doados de usar que os propietarios, moitas veces esixentes en equipamento, con obsolescencia case programada ou incompatibles entre diferentes versións...

Non o sei, pero os resultados están á vista despois de que toda unha comunidade de xente, a maioría de xeito completamente altruísta, pero tamén outra retribuída parcial ou totalmente, teña contribuído durante décadas á súa mellora, actualización e expansión. Está á vista un sistema operativo que segue adiante e está a contribuír a desenvolver a informática tal como hoxe a concibimos. De feito, levo un cuarto de século con algún linux instalado no meu ordenador e é algo que aconsello ter, aínda que como calquera novato (en informática non é doado saír dese estado polos cambios que se van acumulando) siga tendo algunha dificultade cando tento facer algo que é novo para min.

Pode resultar lioso comprender que non é que haxa moitos linux diferentes, senón que hai moitas versións diferentes de linux. Quizais se poda visualizar cun exemplo. Resulta ser algo así como que non é que haxa milleiros de millóns de humanidade diferentes, senón unha humanidade con milleiros de millóns de humanos diferentes. Non sei se iso clarificou o tema...

Estou a facer un sistema operativo (gratuito, só un por lecer, non será nada grande nin profesional como GNU) para clons AT 386(486). Levo niso desde abril e está a empezar a estar listo. Gustaríame saber a vosa opinión sobre as cousas que lles gustan ou desgustan en minix, xa que o meu SO ten algún parecido con el.

dispoñer de un sistema de arquivos entre outras cousas.

Actualmente portei bash(1.08) e gcc(1.40) e parece que as cousas funcionan. Isto quere dicir que terei algo práctico dentro duns meses...

Linus Torvalds, 1991